



# Boletín de Medio Ambiente



## Humedal Ramsar Ría de Ortigueira e Ladrado

**Concellos:** Ortigueira e Cariño

**Características:** é un dos humedais máis importantes de Galicia. Comprende terreos de tremedal costeiro con carácter de estuario, no que desembocan os ríos Mera e Ladrado.

**Flora e Fauna:** Contabilízanse no humedal un total de 93 tipos de animais vertebrados. O grupo máis representado correspóndese co das aves. Destacan a pílora cincenta, o mazarico real ou o pilro común. En época invernal chegan a contabilizarse entre 5.000 e 11.000 páxaros.

## Noticias

### Só 126 beneficiarios galegos do Movalt

O Plan de Apoio á Mobilidade Alternativa (Movalt), un plan lanzado polo Ministerio de Enerxía e destinado a estimular a adquisición de vehículos con enerxías alternativas aos combustibles convencionais cun orzamento de 20 millóns de euros, esgotouse en menos de 24 horas.

Segundo datos facilitados polo Ministerio tan só pódense contabilizar 126 beneficiarios galegos. Con todo, máis da metade das 4.500 axudas acaparáronas madrileños (35%) e cataláns (17%), seguido da Comunidade Valenciana (15,44%). O resto de comunidades autónomas recibiron menos do 10% das axudas.

Fonte: La Opinión de Coruña

### Mal estado dos humedais españois

Segundo unha revisión dos hábitats que levou a cabo a asociación SEO/Birdlife, das 74 zonas húmidas de importancia ambiental españolas, 38 presentan un estado pobre ou moí pobre. Dos humedais dos que se dispón información actualizada, só dez chegan á cualificación de bo estado e 22 quedan en moderado. Entre os que se atopan en peor estado están Doñana, as Táboas de Daimiel, a Albufera de Valencia e a Albufera de Adra.

España é o terceiro país do mundo con máis zonas húmidas de importancia ambiental recoñecidas internacionalmente. Só México e Reino Unido teñen máis humedais incorporados á Convención Internacional Ramsar.

Fonte: El Diario




## Temperatura record nos océanos

Un grupo de científicos chineses realizou un estudo que mostra que o ano 2017, o segundo ano máis quente da historia, foi o ano no que a temperatura dos océanos foi a máis alta xamais rexistrada. A temperatura dos 2.000 metros desde a superficie dos océanos foi a máis alta desde que se toman medidas.

A temperatura dos océanos é importante á hora de entender o quecemento global, pois case toda a calor almacénase nos océanos. O estudo mostra que en 2017, moita da calor foi depositada no Océano Atlántico e os océanos do hemisferio sur.

As temperaturas foron aumentando exponencialmente desde o ano 1995 por mor dos gases de efecto invernadoiro. Estas subidas de temperatura teñen impactos reais nos seres humanos, entre os que destaca a subida do nivel do mar, branqueamento das barreiras de coral, e o derretimento dos polos.



Fonte: The Guardian

## Guardesiña mellora favorablemente

O lobo mariño que varou nas costas galegas a mediados do mes de xaneiro, e ao que acumaron como 'Guardesiña' recupérase favorablemente na Coordinadora para o estudo dos mamíferos mariños (Cemma).

O mamífero foi achado no porto da Guarda con signos de desnutrición, deshidratación e afección respiratoria, pero atópase xa fóra de perigo. Cando comece a alimentarse por si mesmo será devolto ao mar.

Fonte: Faro de Vigo

## Nace o catálogo mundial de especies invasoras

O 23 de xaneiro publicouse na revista Scientific Data un artigo científico que presenta o Catálogo Mundial de Especies Invasoras.

O GRIIS (siglas en inglés do Rexistro Global de Especies Introducidas e Invasoras) inclúe os datos de máis de 11.000 especies de animais e plantas de 20 países. En España esta primeira versión do GRIIS inclúe 226 especies de animais e 636 especies de plantas. Entre os casos máis recentes de especies invasoras en España pódese destacar a vespa asiática (*Vespa vellutina*) ou o mosquito tigre (*Aedes albopictus*).

Segundo os autores da publicación, o catálogo "foi concibido para proporcionar un apoio significativo para que os países identifiquen e prioricen as especies exóticas invasoras, e establece liñas de traballo nacionais e globais". Aseguran que no futuro, isto permitiría un sistema global para o monitoreo sustentable das tendencias nas invasións biolóxicas que afectan o medio ambiente.

Fonte: La Vanguardia

## Sabías que...

a illa Henderson, no océano Pacífico, e que pertence a Reino Unido, acumula 37,7 millóns de pedazos de plástico?

Atópase preto do centro da corrente do Xiro do pacífico Sur, o que a converte nun punto focal para os refugallos transportados desde Sudamérica e os depositados polos barcos de pesca que faenan na zona.



# Boas Prácticas

## Entroido sen plásticos

O Concello de Santa Cruz de Tenerife presentou a campaña 'Entroido quérote, limpo-Santa Cruz recicla' co fin de reducir a xeración de residuos nas rúas da cidade durante o Entroido e que ofrecerá a posibilidade de trocar os envases de plástico por obsequios. Cada carnavalesiro poderá colaborar na redución dos residuos separándoos en orixe a través do seu depósito no colector máis adecuado.

Os puntos limpos estarán situados en puntos de gran afluencia e tránsito de persoas durante as celebracións do Entroido, cada un dos puntos estará atendido por dous monitores formados en concienciación ambiental. Os residuos que se recollan no Entroido de Santa Cruz serán xestionados a través de Ecoembes.

Ademais, creouse unha marca co deseño e lema da campaña, que se verá reforzada coa difusión de pequenos vídeos informativos sobre as accións, protagonizados polo actor e cómico Aarón Gómez.

Fonte: Ecoticias

## Santander potencia a súa natureza urbana

O Concello de Santander iniciou unha nova campaña de repartición de árbores, arbustos e matogueiras autóctonas entre os membros que integran a Rede de Xardíns para a Biodiversidade. Poderanse solicitar carballos, freixos, bidueiros, loureiros, acivros, avellanos e perales silvestres. O Consistorio tamén prevé plantar 800 exemplares de brezos autóctonos, que contribuirán a incrementar as poboacións de insectos polinizadores.

Fonte: ABC

## En 20 anos cada español reciclou 1.000 envases de vidro

Tras a aprobación da *Lei 11/1997 de Envases e Residuos de Envases*, o modelo de colector que recolle garantiu un servizo público, universal e completo ao cidadán e logrou alcanzar unha taxa de reciclaxe de vidro do 73% en 2017, que duplica a do ano 2000, que só obtivo 31,3% e, supera en máis de 10 puntos, os requirimentos actuais da Unión Europea nesta materia.

O vidro reciclado evitou a emisión de máis de 7 millóns de toneladas de CO<sub>2</sub> á atmosfera, a equivalente a retirar da circulación case 2 millóns de coches durante un ano.

Fonte: Ecoticias

## Axenda Ambiental

- 01/02/2018 1ª Edición dos premios SIGRAUTO á Innovación na Recuperación.
- 02/02/2018 As aves da Isla de Santa Cruz: Ruta Interpretativa. Oleiros, A Coruña.
- 03/02/2018 Día Mundial dos Humedais.
- 03/02/2018 Xornada 'Humedais para un futuro Urbano Sostible'. Sada, A Coruña.
- 12/02/2018 Becas Aquae para cursar estudos na Escola da Auga, Cataluña.

Deputación da Coruña

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Email: [medioambiente@dacoruna.gal](mailto:medioambiente@dacoruna.gal)